

Prioridade e xerarquía nas sumas e restas combinadas

A suma e a resta teñen a mesma xerarquía, a mesma categoría polo que non existe prioridade ou preferencia para resolver as operacións combinadas.

$5+4-2+6-3-9=$ Empezaremos a resolver de esquerda a dereita

$$\swarrow$$
$$9-2+6-3-9=$$

$$\swarrow$$
$$7+6-3-9=$$

$$\swarrow$$
$$13-3-9=$$

$$\swarrow$$
$$10-9=$$

$$\swarrow$$
$$1$$

Resultado

$$5+4-2+6-3-9=1$$

Se houberse parénteses nas operacións combinadas, terían prioridade, polo que habería que resolvelos antes.

$$15-(9-4)=$$

$$\swarrow$$
$$15-5=$$

$$\swarrow$$
$$10$$

$$(15-9)-4=$$

$$\swarrow$$
$$6-4=$$

$$\swarrow$$
$$2$$

Non coinciden os resultados

Compara ti agora:

$$15+9-4-3=$$

$$15+(9-4-3)=$$

$$(15+9)-(4-3)=$$

Inventa ti series de operacións e compara os resultados introducindo parénteses.